

POESIA ÉPICA LATINA

Épica orixinaria e literaria

A poesía épica aparece en todas as literaturas antes da poesía lírica: o primeiro que lle interesou ó home foi a narración obxectiva dos feitos.

A *Iliada* e a *Odisea* son as dúas primeiras obras épicas conservadas da literatura occidental, resultado e continuación dunha tradición épica oral.

A narración épica comeza sendo, nunha cultura que recoñecía a presenza do divino nas manifestacións da natureza e na acción humana, a celebración das fazañas dun heroe xeralmente de orixe divina. O heroe homérico engade á súa beleza e ó vigor do seu corpo a habilidade e valor no combate.

A crítica moderna fai unha clara distinción entre o que denomina “épica orixinaria” e “épica literaria”. A épica orixinaria é oral mentres que a literaria é escrita, polo que mudarán tamén os métodos de composición.

A función educadora da épica literaria

A “épica orixinaria” nace en sociedades nas que o ideal heroico é o marco de conducta; a “épica literaria” nace en sociedades que non son heroicas, cunha diferente concepción do heroísmo e a grandeza humana. Os escritores da “épica literaria” viven en sociedades moi, organizadas onde non se entende o individualismo esaxerado. Para Virxilio, Augusto era só o primeiro *cives* (cidadán), de Roma, *civitas* (conxunto de todos os *cives*). A “épica literaria” non se contenta con individuos contemporáneos, acode a símbolos ou ideais. ENEAS é o símbolo para Roma de Virxilio. Por iso a “épica literaria” ten unha función educadora, o que non se pode dicir da oral: a apetencia da

Poesía épica latina. Virxilio e a Eneida

épica oral era dar satisfacción ó desexo do pobo de coñecer a súa propia historia, para a literaria os heroes son un exemplo do que os individuos deben ser, ou tipos de destino que deben ser salientados. A intención didáctica está sempre presente na “épica literaria”.

A “épica literaria” na sociedade neo-heroica da Roma dos séculos III e II a. C., revive cunha enerxía de trazos orixinais. As convencións do xénero permitiron a Andrónico, Nevio e Ennio o que non lles daba a prosa: dar voz ós xenuinos romanos defensores dun patriotismo simple. Os romanos do século III sentían a necesidade de atopar a súa propia identidade e autoafirmarse diante dos gregos. De aí o éxito inicial en Roma deste xénero, atranco insuperable que impide ós poetas mediocres da época clásica e posclásica prodigarse nunha forma que xa non cumpría a función social para a que fora adaptada. O que salvou o xénero en Roma foi o talento e xenialidade de dous poetas como Virxilio e Ovidio que conseguiron descubrir novas vías. Nin a *Eneida* nin *Metamorfosis* teñen nada que ver coa épica primitiva. Virxilio retorna á épica homérica e crea unha síntese de épica orixinaria e literaria, e Ovidio parodia a épica mitolóxica.

A “épica literaria” nace en Roma cunha función social concreta, cando perde esa función entra en declive. A poesía épica, ó non poder manterse co significado que tiña no século III, refúxiase, en mans dos poetas neotéricos do século I a. C., nunha forma culta e erudita, o epilio, guiada exclusivamente por principios estéticos, como manifestación dun grupo social, sen intereses políticos e nacionalistas, pero cun sentido moi agudo de elite cultural.

VIRXILIO E A ENEIDA.

A crise social e política

Virxilio (70-19 a.C) vive unha época de seria e profunda crise social do mundo romano. Só tiña 7 anos cando Catilina á fronte dun exército revolucionario cae despois de tramar unha conxura política. Polos anos cincuenta a desorde e o caos sociais levaron a unha guerra civil (*discordia civium*) contra os partidarios de Pompeio, que saen derrotados de Farsalia (47 a. C.) e contra os partidarios

da República; o asasinato de César (44 a. C.) levou a outra, seguida de proscricións, guerras en toda Italia, e triunfo final de Octavio, despois dunha terceira guerra civil, concluída en Accio contra Antonio no 31. Foi un período terrible de mortes, devastación e fame; a supervivencia de Roma mesmo estaba en entredito. A vida social ofrecía ós contemporáneos de Virxilio un cadro moi negativo: desaparecera a *fides* (lealdade), unha das principais bases da sociedade romana, e desaparecerá a *pietas*, que unía a membros da familia e cidadáns. Esta experiencia vital foi determinante no proxecto literario virxiliano.

En Accio remataron 20 anos de guerras civís e guerras exteriores, volveu a paz e instáurase o principado. A *Pax augustea* foi un *slogan* que conciliou os distintos grupos da sociedade romana e itálica esgotados polas guerras civís.

Como outros artistas deste momento Virxilio pertence ó grupo de Mecenas, quen colabora co emperador no seu empeño de renovación de costumes e recuperacións daquelas tradicións dos devanceiros que fixeran grande a Roma. Augusto andaba á procura dunha poesía que expresase o significado e os valores da romanidade e Mecenas tentou inducir ós poetas a crear un poema épico en torno á figura de Octavio Augusto, pero ningún se atreveu, o mesmo Virxilio tivo moitas dúbidas aínda finalmente dispuxo o seu talento para crear a *Eneida*, a contribución máis importante da literatura á publicidade do ideario político imperial.

A dificultade dun poema épico sobre Augusto

Virxilio era consciente da dificultade de crear un poema épico que tivese como figura central a Augusto sen que as esixencias poéticas se resentisen. A principal dificultade era escribir un poema que nun nivel fose mítico sobre o pasado remoto, pero que tamén tratase o presente e o futuro. O poema tiña que abranguer todo, material da *Iliada* e a *Odisea*, a traxedia ática, a poesía helenística, Ennio e Nevio, ideas filosóficas dos pensadores gregos, a historia de Roma e os valores propiamente romanos, e, ó mesmo tempo, mostrar a familiaridade do poeta con toda a literatura anterior.

Poesía épica latina. Virxilio e a Eneida

Hai tres camiños que conducen á *Eneida*: Homero será o primeiro, Augusto, a política contemporánea e a épica romana orixinaria e a actual será o segundo, e, finalmente, a experiencia poética anterior de Virxilio, onde son evidentes influencias dos neotéricos e do alexandrinismo, que vía con malos ollos a épica, aínda que non a homérica. Pero Virxilio evoluciona ideolóxicamente e esteticamente grazas a factores externos, como a amizade con Mecenas e a afirmación do poder de Augusto. Homero non é o problema, polo contrario, será a solución.

A presión política do momento no plano literario significaba, como xa vimos, a demanda continua dun poema épico de carácter histórico, que incluíse cuestións como as recentes guerras civís e o papel fundamental de Augusto no establecemento da *pax*. Virxilio liberouse desta presión convertindo o pasado en presente e o presente en futuro profético, e evitando, a través da evocación do devanceiro Eneas, a referencia concreta a Augusto como heroe. Virxilio herda a interpretación que fixeron de Homero todos os que o precederon, na que a narración de reis e guerras se enriquecía coa idea dun gran designio relixioso que sostíña a gran empresa nacional. Pero para que todo isto tivese éxito había que sometelo ás esixencias estéticas dos neotéricos tal como se manifestaban no epilio: poema breve de temática mitolóxica, imprescindible para a alta poesía. Mediante o recurso á mitoloxía Virxilio conseguía un afastamento da actualidade que lle permitía contar de maneira indirecta e simbólica as guerras que foran minando as bases políticas da República e facer a loubanza disimulada do vencedor Augusto.

A épica virxiliana responde ás necesidades dun pobo xa identificado consigo mesmo e consciente xa do seu papel protagonista na historia da humanidade. Nesta época conviña destacar que a Roma actual era o desexo do FATUM desde as primeiras orixes. Por iso na *Eneida*, o cadro son as orixes lexendarias cuns toques da historia de Roma, fronte a épica primitiva apegada principalmente á historia romana. Coa *Eneida* aparece un novo tipo de poema épico no que a acción se centra na lenda mentres a historia é unha mera digresión.

Poesía épica latina. Virxilio e a Eneida

Tres son as pasaxes da *Eneida*, referencias inevitables sempre polo seu especial sentido histórico: I, 254-296: Xúpiter revela os gloriosos destinos de Roma; VI, 752-887: revista no descenso ós infernos ós futuros héroes da historia de Roma, desde os reis de Alba Longa ata Marcelo; e finalmente VIII, 618-731: o poeta anímanos a admirar a gloria da futura Roma no escudo esculpido por Vulcano a petición da nai Venus. A historia de Roma é aquí a traducción a nivel humano dunha orde superior.

O pius Aeneas

O tema é a fuxida de Troia e as aventuras de Eneas ata chegar ó Lacio, onde ha de superar a distintos inimigos para establecer a nova Troia, tal como querían os deuses. O éxito de Eneas débese á intervención divina, Venus, nai e protectora. A proba do éxito de Eneas non é só a *virtus* (valor, valentía), senón tamén a *pietas*, cara ós deuses e cara ó pai, e cara ós seus, valor polo que sempre foi admirado: o heroe non se esquece de cumprir cos ritos: cando abandona Troia coas mans cheas de sangue non pode tocar os penates, recollidos por Anquises, ó longo da vixe cumpre todos os rituais e os seus actos están regulados pola vontade dos deuses, a través de auspicios ou directamente. O Eneas *pius* tiña que representar o romano ideal. A Sibila fala de Eneas con estas palabras:

Troius Aeneas, pietate insignis et armis [O troiano Eneas famoso pola súa piedade e nas batallas] . Aen. VI, 403

A *virtus* e a *pietas* constituían os valores fundamentais do cidadán romano leal, membro da sociedade, enraizado na familia, devoto das antigas divindades. Este era o *slogan* político da nova Roma pacificada.

Coa elección desta lenda relacionaba a Urbs coa cultura grega. Ademais a *gens Iulia*, da que era membro Augusto, considerábase descendentes de Venus a través de Iulo, fillo de Eneas. As orixes de Roma identifícanse cos da familia imperial e a historia de Roma confundíase coa da familia imperial. Este tema xa estaba en Ennio, pero Virxilio pon a lenda nun primeiro plano e a historia como se fose un trasfondo.

Organización do poema

O poema, organizado en XII libros, ten dúas partes: a das aventuras dos seis primeiros libros, inspirados na *Odisea*, e os seis libros restantes, a das guerras no Lacio, na *Iliada*. Se consideramos os personaxes que dominan cada parte poderíamos ver tres partes: os catro primeiros céntranse en Dido, os catro centrais en Eneas, e os catro últimos en Turno.

Da *Odisea* procede a idea da viaxe de retorno á patria despois da guerra, a narración *in medias res* de distintos episodios, onde o de Dido é o máis importante de todos polas súas consecuencias estruturais: o modelo de Dido é Calipso. Calipso oponse a Penélope do mesmo xeito que Dido a Lavinia, á nova esposa que espera a Eneas no Lacio.

No libro VI a Sibila anúncialle a Eneas o que se coñece como a *Iliada* itálica: guerras, asedio a unha cidade, o Tíber de sangue, un novo Aquiles e un novo matrimonio cunha extranxeira que lle dá hospitalidade. Nas guerras do Lacio aparecen papeis invertidos con respecto á de Troia: a cidade sitiada vólvese contra o campamento, os latinos representan o papel de troianos e os troianos de gregos. Turno, líder latino, é a suma de Aquiles, Menelao e Héctor. A triada Patroclo-Héctor-Aquiles da *Iliada* na *Eneida* é Palante-Turno-Eneas. A morte de Turno a mans de Eneas evoca a de Hector a mans de Aquiles.

Pero se a *Eneida* se caracteriza pola nova actitude de Virxilio ante a historia non é menos salientable o novo sentido que adquire a mitoloxía tradicional, agora transformada en símbolos mitolóxicos vivos.

Novidades formais e artísticas

Desde o punto de vista formal e artístico tamén ofrece elementos novidosos: a aplicación das normas da poética clásica, os principios do *decorum*, perfección formal e de unidade da obra de arte; por outro lado o dramatismo, co que Virxilio cumpre co principio aristotélico de que na poesía narrativa os argumentos han construírse dramaticamente. Isto é o que diferencia a épica oral da épica literaria.

Poesía épica latina. Virxilio e a Eneida

Na *Eneida* obsérvase unha influencia crecente do dramatismo da traxedia, tanto nos elementos estruturais como na problemática humana. Virxilio adopta trazos da traxedia que marcan a diferenza con Homero: a actitude ante os praceres sensuais. Virxilio trata o episodio de Dido de forma trágica ó poñelo no poema como un contratempo co que dá o héroe no seu progreso moral, preludio das malas relacións entre Roma e Cartago.

Dido é vítima da vontade dos deuses. Venus inspíralle unha gran paixón por Eneas, para protexer o fillo que viña de naufragar diante das costas de Cartago; cando os deuses lle ordenan ó héroe que prosiga o camiño, a hospitalaria e apasionada Dido suicídase.

A madurez da cultura latina

A *Eneida* é un exemplo perfecto de “épica literaria” e de madurez da cultura latina. Supón unha gran capacidade de asimilación de todo de tipo de estímulos literarios procedentes dunha cultura anterior que acadou o nivel de excelencia, e unha resposta a estes estímulos chea de inxenio, talento e modernidade. A poesía de verdade está obrigada a ser moderna, a falar coa linguaxe do seu tempo aínda que incorpore elementos do pasado. A modernidade para os contemporáneos de Virxilio supoñía o dominio da complexidade da poesía escrita, a substitución da obxectividade que caracterizaba a épica oral polo estilo subxectivo e a alusividade: a identificación do narrador cos valores e percepcións dos personaxes ou cos valores e percepción doutros textos.

BIBLIOGRAFÍA

N.A. Maschin, *El principado de Augusto*. Madrid, 1978.

A.H.M. Jones, *Augusto*. Buenos aires, 1974.

Jasper Griffin, en *Historia Oxford del Mundo Clásico*. páx. 715 ss. Madrid, 1988.

Carmen Codoñer (ed.), *Los Géneros Literarios Latinos*. Salamanca, 1987.

Carmen Codoñer (ed.), *Historia de la Literatura Latina*. Madrid 1997.